




XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E SOLO E A ENTIDADE FARO DE VIGO, SAU, PARA A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN NO XORNAL FARO DE VIGO DE ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA SEGURIDADE VIARIA

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Francisco Menéndez Iglesias, director da Axencia Galega de Infraestruturas, nomeado polo Decreto 75/2014, do 26 de xuño, habilitado para a formalización deste convenio en virtude de Resolución do 20 de febreiro de 2017, de delegación de sinatura da presidenta da entidade.

E doutra, Pedro Nuno Días da Costa provisto do NIE Y0112819Y, que actúa en nome e representación da entidade Faro de Vigo, SAU, do que é apoderado, segundo acredita con poder bastante para o efecto.


Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

I.- Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución, como sostén o Tribunal Constitucional, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.



XUNTA DE GALICIA



Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

II.- A Axencia Galega de Infraestruturas pretende contribuír a que os cidadáns dispoñan da maior e mellor información posible e ao mesmo tempo transmitir os valores que informan a actuación pública, impulsando para iso as condicións necesarias para o exercicio da liberdade de expresión e o dereito á información, e contribuír, deste xeito, a formación e existencia dunha opinión pública libre e democrática.


III.- Por outra banda, Faro de Vigo, SAU, segundo se recolle no informe da Secretaría Xeral de Medios de data 13 de febreiro de 2017, realiza unha importante labor de información e comunicación na área de influenza que abrangue a súa distribución cunha porcentaxe de audiencia do EGM, terceiro acumulado anual 2016, de 264.000 lectores/día, o que representa o 22,04 % da audiencia dos grupos de comunicación de Galicia.

Asemade, no marco do papel que de deben xogar nunha sociedade democrática e plural os medios de comunicación social, Faro de Vigo, SAU, nas súas informacións

inclúe tanto actuacións da administración autonómica, en xeral, como da Axencia Galega de Infraestruturas, por considerar de grande importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coa seguridade viaria así como calquera outra acción e/ou programa da axencia que produza efectos sobre a calidade de vida dos cidadáns galegos.



XUNTA DE GALICIA



IV.- En consecuencia, as partes acordan a formalización dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto elaborar e publicar un mínimo de nove (9) actuacións divulgativas e informativas, onde aparezan destacadas aquelas estratexias, programas e/ou iniciativas incluídos no ámbito competencial da Axencia Galega de Infraestruturas relacionadas coa seguridade viaria.

As actuacións publicaranse de modo regular, e prioritariamente en domingo, ao longo da vixencia deste convenio.

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados corresponderalle ao medio de comunicación.

Todos os datos e informacións serán de elaboración propia e con cargo aos medios persoais e técnicos de que dispoña a empresa. Malia isto, a Axencia Galega de Infraestruturas facilitará tanto os datos que considere relevantes para a súa difusión como aqueles que lle sexan solicitados pola empresa, e poderán formular verbo dos datos e informacións as observacións que estimen pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes, as cales deberan ser tidas en consideración.

Segunda.- En razón das achegas realizadas pola empresa editora para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade, da que a súa desagregación queda recollida no anexo da memoria deste convenio, a Axencia Galega de Infraestruturas achegará un importe máximo de oitenta e oito mil cento corenta e sete euros (88.147 €) con cargo ao seu orzamento.

Este importe será satisfeito con cargo á seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, coa seguinte distribución:



Órgano administrativo/ Entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Axencia Galega de Infraestruturas	08.A1.512B.640.1	88.147 €

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, Faro de Vigo, SAU, entregará á Axencia Galega de Infraestruturas a seguinte documentación:

1. Un certificado asinado por persoa responsable onde se exprese que por parte da sociedade se realizou a totalidade do obxecto do convenio.
2. Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, na que se indicará a materia competencia da Axencia sobre a que versou a actuación e se acompañará dunha copia dos contidos editados e publicados polo medio en cuestión. Cada unha das actuacións irá acompañada co seu texto descritivo correspondente, unha imaxe representativa da actuación e a referencia ao xornalista/comunicador encargado de cubrir a actuación.

Todo isto esixirá a previa e expresa conformidade da persoa designada pola Axencia, á que se refire a cláusula quinta deste convenio de colaboración, coa documentación achegada para acreditar o cumprimento das obrigas que, pola referida sociedade, se asumen ao asinar este convenio. Poderán efectuarse pagos parciais, conforme se acredite a publicación das actuacións obxecto deste convenio.

Terceira.- O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de outubro de 2017.

Cuarta.- A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Axencia Galega de Infraestruturas de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia a empresa editora asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as



XUNTA DE GALICIA

galicia

obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Quinta.- Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión paritaria de seguimento que actúe como mecanismo conxunto de plena efectividade e que se reunirá a petición dunha das partes. Dita comisión estará formada por un representante de cada unha das partes.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, a entidade Faro de Vigo, SAU, designará unha persoa como representante de dita empresa ante a Axencia Galega de Infraestruturas no prazo de tres días contados dende a sinatura do convenio. A referida persoa manterá contacto directo e habitual coa persoa designada pola

Axencia coa finalidade de coordinar e executar eficazmente as actividades que prevé este convenio de colaboración.

Sexta.- Serán causas de resolución:

- a) A denuncia do convenio de colaboración por calquera das partes.
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que regulan o presente convenio.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizadas as actividades acordadas.

Sétima.- A Axencia Galega de Infraestruturas cumprirá coas obrigas específicas de información de convenios de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso das partes asinantes a favor da Axencia Galega de Infraestruturas para o tratamento necesario dos datos relevantes da colaboración acordada e a súa publicación.

Oitava.- No presente convenio, correspóndelle á Axencia Galega de Infraestruturas a prerrogativa de interpretar e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu



XUNTA DE GALICIA

galicia

cumprimento, e os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Novena.- O presente convenio ten natureza administrativa. A Xurisdicción Contencioso-Administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicado.

PRESIDENTA DA AXENCIA GALEGA

DE INFRAESTRUTURAS

Por delegación de firma

(Resolución 20/02/2017)

O DIRECTOR

ENTIDADE FARO DE VIGO, SAU

Francisco Menéndez Iglesias

Pedro Nuno Días da Costa